

COMPRA PÚBLICA VERDE DE PAPEL

GUÍA PARA OS ÓRGANOS DE
CONTRATACIÓN E @S USUARI@S DA UDC



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Redacción:

Yasmany Cruz Morales
Enrique Fernández Fernández
Sheila García Prado
Juan José Pernas García
Laura Pita Campos
Manuel Soto Castiñeira
Loreto Vázquez Chas

Coordinación:

Enrique Fernández Fernández
Juan José Pernas García
María R. Lafuente

Dirección:

Manuel Soto Castiñeira
Director da Oficina de Medio Ambiente da UDC

Deseño e maquetación:

Nuria Freire González

Edita:

Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestructuras
Universidade da Coruña

Edición revisada polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC (www.udc.es/snl)



COMPRA PÚBLICA VERDE DE PAPEL

GUÍA PARA OS ÓRGANOS DE
CONTRATACIÓN E @S USUARI@S DA UDC

ÍNDICE

1. QUE É ESTA GUÍA E POR QUE É IMPORTANTE

2. POLÍTICAS EUROPEAS E MARCO LEGAL

2.1 Principais políticas europeas: Un pequeno apuntamento histórico

2.2 Marco legal

2.3 A contratación verde como indicador ambiental nas universidades

3. O CONSUMO DE PAPEL NA UDC: CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS

3.1 O consumo de papel e os bosques

3.2 O consumo de papel na UDC

4. ASPECTOS AMBIENTAIS QUE HAI QUE CONSIDERAR NA COMPRA DE PAPEL

4.1 Impacto ambiental do proceso de fabricación de papel elaborado a partir de pasta virxe, fronte ao de elaboración de papel reciclado

4.2 O proceso de branqueamento de papel

4.3 É o mesmo falar de papel ecolóxico que de papel reciclado?

4.4 A cor do papel é determinante para deducir a súa natureza?

4.5 Consideracións á hora de mercar papel

4.6 Ecoetiquetas oficiais para produtos de papel

4.7 Etiquetas de xestión sustentable de bosques

4.8 O reciclado é a alternativa viable cara á sustentabilidade neste eido

5. ACTUACIÓN: A CONTRATACIÓN PASO A PASO

5.1 Fase preoperatoria

5.2 Definición do obxecto do contrato

5.3 Criterios ambientais nas especificacións técnicas

5.4 Criterios ambientais na selección do contratista


5.5 Criterios ambientais na adxudicación do contrato

5.6 Criterios ambientais na execución do contrato

6. FONTES BIBLIOGRÁFICAS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN E Á COMPRA VERDE DE PAPEL

ANEXO I. Ficha técnica para a compra verde de papel


Anexo II. Boas prácticas no uso do papel: reducirmos o seu consumo!



1. QUE É ESTA GUÍA E POR QUE É IMPORTANTE

1. QUE É ESTA GUÍA E POR QUE É IMPORTANTE

Estás preocupado/a polo teu impacto ambiental?



Cadro I.

Declaración de preocupación ambiental dos distintos colectivos da UDC

A nosa sociedade nunca antes estivo tan interesada nos temas ambientais como agora. Tanto desde os medios de comunicación de masas como desde as institucións públicas e privadas, incídese en que cómpre ter en conta os factores ambientais á hora de realizarmos calquera actividade, en aras de lograr unha sociedade respectuosa co medio, eficiente e sustentable. Empregado xa dende hai anos, o termo “desenvolvemento sostible” refírese a como realizarmos as actividades humanas para satisfacer as necesidades actuais e sen sacrificar a capacidade das xeracións futuras de satisfacer as súas.

Afortunadamente, diversas enquisas e estudos móstrannos que os valores ambientais forman xa parte da mentalidade e do modo de acción de moitos e moitas cidadás. A comunidade universitaria da Universidade da Coruña (UDC) non é allea a esta preocupación (*cadro I*) e por iso, na presente guía analizaremos tamén a súa opinión no tocante ao uso e consumo de papel na UDC, para despois propor a adopción de medidas concretas que permitan optimizar este eido da nosa actividade. Ora ben, antes analizaremos o contexto xurídico-político que afecta ao obxectivo desta guía.

A través do documento Memoria Responsabilidade Social Universitaria 2010 da UDC¹, podemos comprobar que a nosa universidade ten mostrado interese na protección da contorna e dos recursos e está comprometida co medio. A inclusión de valores de ética social e ambiental na actividade cotiá é cada vez máis unha esixencia da sociedade a todos aqueles entes que interveñen de forma significativa no complexo social actual, incluída a propia UDC.

Neste contexto naceu a Oficina de Medio Ambiente², que presenta a través desta guía sobre a contratación pública verde do papel un dos seus obxectivos específicos, que é concienciar acerca do uso responsable do papel no ámbito universitario, xa que é un dos elementos máis utilizados polo conxunto de profesionais e estudantes da universidade.

1. <http://memoriarsu.udc.es/>

2. http://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/

Ademais da concienciación, preténdese dar a coñecer os diferentes tipos de papel que se poden utilizar e como recoñecelos, propor alternativas ao papel tradicional e, como fin último, contribuír á inclusión de criterios ambientais nos pregos de contratación de papel de toda a UDC, sempre no marco da lexislación vixente sobre contratación pública.

A UDC súmase con esta iniciativa á implantación da compra e contratación pública verde, que xa iniciou en 2010 co prego relativo á contratación do actual servizo de xardinaría. Agardamos, en todo caso, que esta guía sexa de utilidade como fonte de información e mais para a consecución dos devanditos obxectivos.



2. POLÍTICAS EUROPEAS E MARCO LEGAL

2. POLÍTICAS EUROPEAS E MARCO LEGAL



2.1 Principais políticas europeas: Un pequeno apuntamento histórico.

Desde os anos 80 do pasado século adoptáronse no seo da Unión Europea unha serie de medidas tendentes á implantación e promoción das compras públicas verdes ou ecolóxicas por parte dos organismos do sector público de todos os estados membros. Nestes anos desenvolvéronse as primeiras iniciativas que introducen criterios ambientais na contratación pública ao tempo que se definen esquemas de certificación ambiental de produtos, nacen así ecoetiquetas como o “Anxo Azul” ou o “Cisne Nórdico”.

Nos anos 90 elaboráronse os primeiros estudos de investigación sobre a compra e contratación pública verde, caso do proxecto de investigación RELIEF¹, e xa en 1997 incorporouse no Tratado de Ámsterdam da UE o concepto de “desenvolvemento sustentable” como un obxectivo xeral das políticas e accións da Comunidade Europea. Por outra banda, foi a Comisión Europea, na súa comunicación sobre “Política Integrada de Produtos” do ano 2003, a que incluíu a recomendación formal de establecer plans de acción de contratación pública verde por parte dos estados membros, co fin de mover os mercados cara a produtos máis ecoeficientes, xa que cómpre ter en conta que a contratación pública no ámbito europeo ascende ao 19,5% do PIB co poder tractor que iso supón.

1. Informe RELIEF da Comisión Europea sobre a avaliación científica dos posibles beneficios ambientais caso de se adoptar a contratación pública ecolóxica en toda a UE. Proxecto financiado pola acción clave “Cidade do mañá e herdanza cultural” do Quinto Programa Marco de IDT.

O ALCANCE DA CONTRATACIÓN PÚBLICA VERDE

Calcúlase que a inclusión de criterios ambientais en todos os contratos do sector público europeo suporía un aforro de 60 millóns de toneladas de CO₂, o que constitúe un 18% do compromiso de toda a UE para o ano 2020 establecido no Protocolo de Kioto.

Un exemplo con grande éxito foi a campaña Energy Star nos EE UU de América, que no ano 1993 decidiu comprar exclusivamente equipos informáticos que foran conformes ao programa Energy Star. O Goberno dos EE UU é o maior comprador mundial de ordenadores, polo que se considera que esta decisión desempeñou un papel moi importante no paso á adopción de normas Energy Star por parte da maioría dos oferentes desta tecnoloxía. Máis concretamente estimouse que os beneficios ambientais desta medida contribuíron desde o ano 1995 a 2005 a un aforro eléctrico duns 200.000 millóns kw/h, o equivalente a 22 millóns de toneladas de CO₂. Esta medida tamén foi adoptada polo Consello da UE en decembro de 2007.


No cadro II pódese observar cal é a situación da contratación pública verde do estado español en relación con outros países da Unión Europea. En primeiro termo chama a atención que o volume da contratación pública en España é tan só dun 13% do PIB, só por riba de Italia, mais é aínda máis preocupante o feito de que tan só o 30% dese volume é contratación pública ecolóxica, o cal nos sitúa novamente nun penúltimo posto da clasificación europea, mostra clara do camiño que nos queda por percorrer.

PAÍS	% PIB CONTRATACIÓN PÚBLICA	LICITACIÓNS CON CRITERIOS AMBIENTAIS
ALEMAÑA	17%	70%
AUSTRIA	16%	60%
DINAMARCA	19%	50%
ESPAÑA	13%	30%
FRANCIA	16%	30%
FINLANDIA	16%	50%
ITALIA	12%	30%
PAÍSES BAIXOS	21%	50%
REINO UNIDO	17%	70%
SUECIA	20%	80%

Cadro II.

Situación actual da compra pública verde en Europa. Fonte: Ibove.

Manual sobre a compra e contratación pública verde (2010, Bilbao)



Fonte: Estudio encargado pola CE: “THE UPTAKE OF GREEN PUBLIC PROCUREMENT IN THE EU27”

Algúns países da UE tomaron a iniciativa no referente á compra e contratación pública verde, caso dos Países Baixos ou do Reino Unido, que en 2006 adoptaron cadanseu plan nacional de contratación pública verde. No caso do Estado español, o Consello de Ministros do 11 de xaneiro de 2008 aprobou o Plan de contratación pública verde da administración xeral do Estado e organismos públicos, publicado no BOE o 31 de xaneiro de 2008² que establece, por exemplo, o obxectivo de utilizar papel reciclado nun 90% do consumo de papel antes de 2015.

2.2 Marco legal.

No eido legal discutíuse durante moito tempo a posibilidade e a idoneidade de incorporar aspectos ambientais nos pregos de contratación e tamén a forma correcta de introducir tales aspectos nas diferentes seccións do contrato: obxecto, especificacións técnicas, selección do contratista, criterios de adjudicación e condicións especiais de execución. Todo iso, ademais, baixo o respecto aos principios do Tratado da UE.

As discrepancias a este respecto deron lugar á interposición de cuestións prexudiciais perante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (TXCE) que se pronunciou mediante sentenza sobre a forma en que os estados poderían incorporar criterios ambientais de acordo codereito comunitario. Concretamente dúas sentenzas do TXCE son de especial relevancia para a compra e a contratación pública verde:

- Sentenza do 17 de setembro do 2002, no asunto C-513/99: Concordia Bus Finland Oy Ab contra Helsinginkaupunki, HKL-Bussiliikenne (véxase o cadro seguinte).
- Sentenza do 4 de decembro do 2003, no asunto C-448/01: EVN AG, Wienstrom GmbH, contra Republik Österreich.



2. <http://www.magrama.gob.es/gl/ministerio/planes-y-estrategias/plan-de-contratacion-publica-verde/default.aspx>

Este segundo caso, un concurso de contrato para a sumisión de electricidade, incluíu como criterio de adjudicación que o proveedor debía comprometerse a fornecer, na medida en que lle for tecnicamente posible, enerxía xerada a partir de fontes renovables. Pois ben, ante a demanda contra este criterio por parte dunha empresa concursante, o TXCE sentenciou que a a normativa comunitaria en materia de contratación pública non lle era contraria sempre e cando se cumpriren os condicionantes indicados no caso anterior.

O CASO CONCORDIA BUS FINLANDOY AB FRONTE Á CIDADE DE HELSINKI

Esta cuestión suscitouse no marco dun litixio entre a empresa de autobuses Concordia Bus FinlandOy Ab contra a cidade de Helsinki e a empresa pública de transportes HKL- Bussiliikenne. O seu obxecto foi a adjudicación do servizo público de transporte urbano da cidade de Helsinki á empresa municipal HKL ao se considerar a súa oferta a máis favorable economicamente, tendo en conta criterios ambientais e non só o prezo máis baixo. Concordia interpuxo recurso á esta decisión por entendela discriminatoria, mais o TXCE resolveu: “cando, no marco dun contrato público relativo á prestación de servizos de transporte urbano en autobús, a entidade adjudicadora decide adjudicar un contrato ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, pode ter en conta criterios ecolóxicos, como o nivel de ruído dos autobuses, sempre que tales criterios estean relacionados co obxecto do contrato, non lle confiran á entidade adjudicadora unha liberdade incondicional de elección, e se mencionen expresamente no prego de condicións ou no anuncio de licitación, e respecten todos os principios fundamentais do dereito comunitario, en particular, o principio de non discriminación.



A raíz destes casos, e co fin de evitar outros similares, a Comisión Europea publicou unha comunicación interpretativa sobre a lexislación comunitaria de contratos públicos verbo da posibilidade de integrar os aspectos ambientais na contratación pública 4.7.2001 COM 274 final, até que no ano 2004 se aprobaron e publicaron as novas directivas europeas de contratación pública que, de xeito claro, cobren este baleiro legal e definen como poder integrar cláusulas ambientais nos contratos públicos:

- Directiva 2004/17/CE do 31 de marzo de 2004 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.
- Directiva 2004/18/CE do 31 de marzo de 2004 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos públicos de obras, subministracións e servizos.

Estas directivas trasladáronse ao dereito nacional coa publicación das leis:

- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), recentemente refundida polo Real decreto lexislativo 03/2011.
- Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

2.3 A contratación verde como indicador ambiental nas universidades.

A Comisión sectorial da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) para a Calidade Ambiental, Desenvolvemento Sustentable e Prevención de Riscos (CADEP) levou a cabo entre os anos 2010 e 2011 o estudo Avaliación das

políticas universitarias de sustentabilidade como facilitadoras dos campus de excelencia internacional (CEI³)³ en que definiu ámbitos e indicadores con que medir a achega das universidades españolas á sustentabilidade co obxectivo de facer os progresos máis visibles para a comunidade universitaria e a sociedade.

Un dos aspectos deste estudo é o referido á adopción de medidas de compra verde, para o que se incluíron un total de 17 indicadores específicos cos cales avaliar as iniciativas da universidade. A compra verde enténdese pola CADEP como a compra ou contratación de obras, bens ou servizos coa inclusión de consideracións e criterios de sustentabilidade na selección do produto e do proveedor, e afecta, cando menos, ás seguintes subministracións e servizos:

Subministracións:

- Mobiliario
- Equipos electrónicos
- Equipos eléctricos
- Material de oficina
- Papel para impresión
- Maquinas expendedoras de comida e bebida

Servizos:

- Cafetería
- Reprografía
- Limpeza
- Mantemento
- Xardinaría
- Publicacións

A compra e contratación verde na UDC é aínda unha materia pendente que até o de agora unicamente foi incorporada ao contrato de xardinaría en 2011. Así se explica que dentro do conxunto de indicadores ambientais do estudo da CADEP, a UDC rexistrara no capítulo de compra verde unha das puntuacións máis baixas entre as universidades españolas participantes no estudo (CRUE, 2011), e tamén a puntuación máis baixa dos distintos aspectos avaliados na UDC. É por iso que as actuacións en contratación verde constitúen para a Oficina de Medio da Ambiente da UDC unha actuación prioritaria.



3. CRUE (2011). Evaluación de las políticas universitarias de sustentabilidad como facilitadoras para el desarrollo de los campus de excelencia internacional. Accesible en: http://www.crue.org/opencms/opencms/handle/404?exporturi=/export/sites/Crue/Sostenibilidad/Documentos_CADEP/CADEP2011finalbaja.pdf&



3. O CONSUMO DE PAPEL NA UDC: CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS

3. O CONSUMO DE PAPEL NA UDC: CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS

3.1 O consumo de papel e os bosques.

O consumo de papel está a sufrir recentemente un aumento moi considerable que alcanza a cifra de 7.868.000 toneladas de papel (o que supón un aumento anual do 6,5%). Quere isto dicir que se pasa de consumir entre 1-3 kg por persoa e ano no século XIX, aos 176 quilos de papel anuais que consome actualmente cada un de nós, resultado da suma do consumo directo e indirecto.

Así pois, o Estado español ocupa o posto número 25 na clasificación mundial canto a consumo de papel, lonxe dos mais de 300 kg per capita de papel anuais que se consomen en Luxemburgo, aínda que moi por riba tamén dos 6 kg/ per capita e ano que se consomen actualmente en África.

Deses 176 quilos de papel, que un cidadán español consome anualmente, 67 kg corresponden a papeis gráficos (diarios, revistas, folios...), 67 kg a embalaxes de cartón ondulado e o resto a outros usos.

Máis datos:


a) O papel, xunto co seu derivado, o cartón, é a materia prima básica nas actividades diarias das administracións públicas e da maioría das oficinas (papel en resma, publicacións, blocs de notas, follas de expedientes, cartafóis, cadernos, arquivadores, papelería corporativa...).

b) A produción de papel representa economicamente o 2,5% da produción industrial mundial e un 2% de todo o comercio mundial; o mercado do papel é un mercado en constante movemento, con peches temporais de fábricas, fusións de empresas ou traslados de centros de produción.


c) A porcentaxe de papel reciclado que se utiliza para a fabricación de produtos de papel vai en aumento, grazas ao incremento da cota de reciclaxe de papel, aínda que a industria papeleira segue a ser un gran consumidor de madeira. Concretamente, para a produción de celulosa consumíronse en España, durante o ano 2005, 6,1 millóns de m³ de madeira, procedente de plantacións de especies de crecemento rápido (maioritariamente eucaliptos e en parte piñeiro).

d) A nivel estatal, entre o 40-50% das plantacións forestais destínanse a producir madeira para fabricar papel. En Galicia, a produción de celulosa realízase a partir de madeira de eucalipto, que tamén se dedica á industria de tableiros. Nos últimos 15 anos a superficie forestal plantada con eucaliptos duplicouse en Galiza, ao pasar de 138.500 hectáreas en 1996 a 396.000 en 2011, segundo o inventario forestal do Ministerio de Medio Ambiente.

A pesar de que a madeira, xestionada de forma sustentable, pode ser un recurso renovable, deberíase tentar darlle outros usos diferentes á produción de papel, xa que actualmente é factible a súa fabricación a partir de fibras de papel recuperado.




USOS DE PAPEL POLA COMUNIDADE UNIVERSITARIA



Cadro III.

Porcentaxes de persoas de cada sector que declaran usar papel reciclado e non reciclado (Nota: a suma das porcentaxes é superior a 100, xa que as dúas primeiras inclúen a categoría de "Ambos")

RAZÓN POLAS QUE NON USA PAPEL RECICLADO



Cadro IV.

Razóns polas que non se emprega papel reciclado (Porcentaxe de persoas de cada sector)

Notas: *Non o considero necesario

**Non serve para as impresoras ou fotocopiadoras

3.2 O consumo de papel na UDC.

Os datos que se recollen a continuación proceden dun estudo realizado pola UDC en 2009¹. O consumo total de papel no curso 2008-2009 estimouse en 169.263 kg anuais (1436 folios/persoa e ano de media). Deste total, só un 11,8% era papel reciclado cuxo uso está máis estendido entre o estudiantado (16%) que nas adquisicións dos centros e departamentos (por debaixo do 8,1%). Para os servizos de reprografía, a porcentaxe de papel reciclado foi do 15% en total (papel+fotocopias).

Malia que o 38% do PDI e o 30% do PAS afirman facer uso de papel reciclado (cadro III), as porcentaxes netas de uso de papel reciclado nestes dous sectores son moi inferiores, debido a que a maioría das persoas que usan o reciclado fano só de forma parcial (empregan ambos os tipos). A distribución de usos en cada unha das áreas dos campus resultou moi similar.

Por outra banda, unha parte importante do persoal da UDC afirma que non ten acceso a papel reciclado (cadro IV), percepción que tamén está presente entre o estudiantado. Neste sector, ademais, está moi presente a idea de que o papel reciclado é máis caro. Porén, ambas as opinións son contrarias á realidade da UDC, pois desde hai anos temos dispoñible nos servizos de reprografía e, por suposto, no mercado papel reciclado con certificación de calidade e ao mesmo prezo que o papel de fibra virxe.

1. Análise do impacto ambiental na UDC. Accesible en: http://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/pe_gadaII.pdf)



4. ASPECTOS AMBIENTAIS QUE HAI QUE CONSIDERAR NA COMPRA DE PAPEL

4. ASPECTOS AMBIENTAIS QUE HAI QUE CONSIDERAR NA COMPRA DE PAPEL

Tipo de papel	Non reciclado	Reciclado
	(kg/t)	(kg/t)
Madeira	3 m ³ /t	0
Consumo de auga	59 m ³ /t	9 m ³ /t
Combustibles fósiles	100	53
Enerxía eléctrica	820kwh/t	70kwh/t
Produtos químicos	132,9	6,9
Caudal de verteduras residuais	72,5m ³ /t	12,5m ³ /t
Sólidos en suspensión	5,7	1,1
Demanda biolóxica de osíxeno (DBO ₅)	12,8	1,1
Demanda química de osíxeno (DQO)	52,5	2,5
Cloro orgánico absorbible (AOX)	2-6	0

CADRO V.

Balace ambiental comparativo na fabricación de papel reciclado fronte a papel non reciclado (elaboración propia a partir de diversas fontes; AOX refírese a papeis que non sexan TCF)

No momento de mercar papel cómpre atender a unha serie de patróns que garantan a escolla daquel produto máis respectuoso co medio. Isto é, optar por un determinado papel supón elixir un modelo máis sustentable de desenvolvemento.

4.1 Impacto ambiental do proceso de fabricación de papel elaborado a partir de pasta virxe fronte ao de elaboración de papel reciclado.

O papel reciclado é o papel fabricado a partir de fibras secundarias de papeis e cartóns que xa foron utilizados (fibra de posconsumo) ou a partir de recortes de papel que non foron usados e que se xeraron no proceso de fabricación (fibra de preconsumo). Estas fibras, cando se empregan para fabricar un papel branco sofren tamén un proceso de branqueamento. Dependendo da porcentaxe de fibras de papel recuperado, clasifícase en:

- Papel 100% reciclado: papel fabricado exclusivamente con fibras de papel recuperado
- Papel parcialmente reciclado: papel fabricado con mais do 30% de fibras de papel recuperado
- Papel non reciclado: papel fabricado con mais do 70% de fibras de madeira (pasta virxe)

A fabricación do papel a partir de pasta virxe causa graves problemas ambientais, pois supón un elevado consumo de auga e enerxía, e xera grandes cantidades de augas residuais, contaminación atmosférica e residuos sólidos (cadro V).

Moita desta contaminación é de carácter tóxico, para alén de supor unha elevada alteración dos bosques autóctonos mediante a plantación de monocultivos de especies de crecemento rápido, co que iso implica de destrución forestal e de perda da biodiversidade.

Actualmente, no proceso de elaboración de papel reciclado, en comparación co de fabricación a partir de pasta virxe, conseguíronse substanciais reducións do impacto ambiental que se traducen en:

- Redución do consumo de madeira e auga
- Aforro de enerxía no proceso de fabricación
- Redución da contaminación da auga e da atmosfera e mais do volume de residuos

4.2 O proceso de branqueamento de papel.

Existe no mercado do papel unha ampla variedade de produtos segundo as súas características ambientais. Para decantarse por produtos respectuosos co medio é preciso ter en conta a orixe da súa materia prima (como vimos anteriormente) e mais o seu proceso de produción (sobre todo as técnicas de branqueamento).


No cadro VI indícase a nomenclatura asociada a este proceso ordenado de menor a maior impacto ambiental.

O cloro elemental (Cl₂) empregouse durante moito tempo para branquear a pasta de celulosa, mais é un proceso moi contaminante, xa que se forman compostos derivados do cloro (organoclorados que inclúen dioxinas) moi tóxicos e persistentes. A partir da última década do século pasado, algunhas fábricas mudaron o cloro elemental por un derivado, o dióxido de cloro, que xera menos organoclorados e menos tóxicos (celulosa ECF).

Sigla	Significado	Indicacións
PCF	Procesado do papel	
	Reciclado libre de cloro	
TCF	Totalmente libre de cloro no procesamento da fibra virxe	Elimina o cloro e os seus derivados en todo o proceso de branqueamento. Uso de ozono, auga oxixenada e osixeno
ECF	Libre de cloro elemental	Uso de branqueantes como o osixeno ou a auga oxixenada xunto con dióxido de cloro
Cl	Cloro elemental	Emprego de cloro elemental no branqueamento

Cadro VI.

Nomenclatura asociada ao proceso de branqueamento de celulosa e papel



Outras fábricas buscaron unha alternativa máis avanzada e eliminaron completamente o uso de cloro e derivados (celulosa TCF).

A este respecto cómpre salientar dúas cuestións que complementan o cadro VI:

- Aínda que no proceso PCF o procesamento é libre de cloro, pode haber presenza súa por mor do emprego de fibras recuperadas do papel.
- Con respecto ao branqueamento con cloro elemental, hai que indicar que xa non se emprega en moitos países por causa dos riscos laborais e ambientais que leva asociados.

4.3 É o mesmo falar de papel ecolóxico que de papel reciclado?

A resposta é non. É moi importante facer esta diferenciación, xa que ambos os termos tenden a confundirse ou empregarse como sinónimos sen máis consideración cando na realidade son conceptos ben diferentes como veremos a continuación.

Chámase papel ecolóxico aquel papel branqueado sen cloro e sen ningún produto derivado deste. Pode ser reciclado ou fabricado a partir de madeira desbotable para a produción de celulosa (madeira de limpeza de bosques e sobrantes de serradoiro) co mínimo impacto ambiental. Por isto, sería máis correcto chamalo papel libre de cloro, mais o adxectivo “ecolóxico” xa está moi estendido neste sentido.

Os criterios que marcan se un papel pode ser considerado ecolóxico ou non defínense sobre a base dunha valoración do impacto ambiental do ciclo de vida do produto, que considera: unha análise da utilización dos recursos naturais e da enerxía, das emisións ao aire, á auga e ao solo; a eliminación dos residuos e a produción de ruídos e olores durante a extracción das

materias primas; a produción do material, a distribución, o uso e o destino final como residuo.

Na actualidade para lles indicar aos consumidores as características ambientais dos diferentes produtos papeleiros en España utilízase a denominada etiqueta ecolóxica oficial. A súa concesión queda restrinxida a unha listaxe de produtos que cumpren uns requisitos ambientais mínimos. Deste modo para que calquera papel poida ser considerado ecolóxico as fibras non deben ser branqueadas con cloro nin con ningún composto derivado seu e tanto as verteduras como as emisións procedentes do seu proceso produtivo deben estar suficientemente controladas. Ademais, o papel reciclado pode provocar tamén un importante impacto sobre o medio se os sistemas de tratamento da tinta, branqueamento e dos outros produtos residuais non son os axeitados. Estas características son as que hai que comprobar nas etiquetas ecolóxicas.

En definitiva:

- Un papel ecolóxico pode non ser reciclado xa que, malia o seu proceso de produción for máis limpo que os convencionais, utiliza pasta virxe como materia prima, polo que ten un maior impacto ambiental.
- Un papel reciclado pode non ser ecolóxico se a pesar de utilizar fibras recuperadas mantén un proceso produtivo contaminante.
- O desexable é que o papel que se utilice cumpra ambas as condicións: ser reciclado e ecolóxico á vez.

4.4 A cor do papel é determinante para deducir a súa natureza?

En principio, se os papeis estivesen unicamente branqueados, os valores de brancura e brillo deberían situarse entre o 0-100. Isto aplícase tanto ao papel reciclado como ao non reciclado, xa que a celulosa orixinalmente non é branca ou aparece tinxida con lignina.

No entanto, moitos fabricantes (principalmente de papel non reciclado) levan a cabo outros procesos de branqueamento máis agresivos e engaden ademais abrillantadores ópticos (substancias, algunhas de tipo fluorescente, a miúdo tóxicas e perigosas para o medio acuático) co fin de obterem niveis maiores de 100, é dicir papeis “artificialmente” extrabrancos.

Os fabricantes de papel reciclado, en cambio, preferiron manter niveis de branqueamento moderados e non engadir abrillantadores ópticos para así teren un produto ambientalmente mellor. O habitual son papeis que van do 60-70 de brancura, aínda que poden chegar ao 90. Porén, comezan a aparecer papeis reciclados ECF aos que se lles engadiron abrillantadores ópticos e que chegan a graos de brancura tan elevados como os papeis non reciclados. En definitiva, chamamos a atención sobre o feito de que unha brancura máxima se emprega como un reclamo comercial, mais non constitúe unha característica de mellor calidade para a maioría dos usos do papel. É máis, unha brancura e brillo excesivos mesmo poden dificultar a lectura e danar a vista.

4.5 Consideracións á hora de mercar papel.

Despois de todo o que analizamos até agora, aprendemos que ao adquirir calquera produto de papelería debemos primar as seguintes condicións:

- Papel totalmente reciclado (ou que conteña a maior fracción de fibras recicladas) a partir de fibras de posconsumo ou, no seu defecto, fibras procedentes de preconsumo.
- Carencia de calquera tipo de produto clorado no proceso de fabricación.
- Ausencia de ventás plásticas nin elementos metálicos (ou en caso de que se usen que sexan de materiais reciclables ou biodegradables).
- A credenciación destes criterios mediante un certificado expedido por un organismo oficial.

Recalamos este último punto porque, ás veces, neste tipo de materiais podemos ver logotipos ou indicacións que non son máis que autodeclaracións dos fabricantes sen garantía ningunha dun valor ambiental adicional, como tampouco o son a especificación xenérica de “papel ecolóxico” ou a inscrición “reciclable”.




4.6 Ecoetiquetas oficiais para produtos de papel.

A seguir, resumimos as principais ecoetiquetas para produtos de papel expedidas por organismos oficiais e dispoñibles no mercado estatal. Indícanse tamén os parámetros que regula cada unha delas (cadro VII).

Cadro VII.

Ecoetiquetas oficiais para produtos de papel e parámetros que regulan.

**Aínda que non especifica criterios, o feito de usar fibras 100% recicladas xunto coa prohibición de cloro e abrillantadores garanten un baixo impacto ambiental nos procesos de fabricación (nota dos autores).*

	ETIQUETA ECOLÓXICA EUROPEA Unión Europea	CISNE NÓRDICO Consello Nórdico	ANXO AZUL Axencia Federal de Medio Ambiente e Instituto Alemán de Etiquetaxe
LOGO OFICIAL			
MATERIA PRIMA	Madeira certificada (mínimo dun 10%), fibras recicladas ou outras	Madeira certificada (mínimo 20%), fibras recicladas (mínimo 75%) ou unha mestura entre fibra virxe e reciclada	Fibras 100% recicladas
PROCESO DE BRANQUEAMENTO	Non se admite o uso de cloro elemental (fibras ECF)	Non se admite o uso de cloro elemental (fibras, clorados ou abrillantadores ópticos ECF ou TCF)	Prohibidos branqueantes
PROCESO DE PRODUCCIÓN	Cumprimento de criterios ambientais en augas residuais, emisións de CO ₂ , S e NO _x), consumo de enerxía e combustibles fósiles	Os criterios baséanse no ciclo de vida do produto e inclúen o consumo de recursos naturais, a enerxía e as emisións durante o proceso de produción	*
COMENTARIOS	No caso de madeira, acreditación de xestión forestal sustentable	Cando un papel con esta etiqueta é TCF, indícao de forma expresa	Cumprimento das normas de durabilidade (máis de 100 anos) e de utilización en máquinas



4.7 Etiquetas de xestión sustentable de bosques.

No mercado hai dúas etiquetas principais que certifican a xestión sustentable da explotación forestal:

- Etiqueta FSC (Forest Stewardship Comitee)
- Etiqueta PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification schemes)

Ambas as certificacións empréganse para a madeira e os seus produtos derivados.

No caso do papel, en función da porcentaxe de madeira certificada ou fibra reciclada, o deseño do logo e a frase explicativa que o acompaña varían. En todo caso, estes logos garanten que a fibra virxe utilizada para fabricar o papel se obtivo de madeira procedente de bosques xestionados legalmente.

4.8 O reciclado é a alternativa viable cara á sustentabilidade neste eido.

O reciclado é unha alternativa favorable para solucionar a demanda que existe sobre o consumo de papel porque permite unha optimización dos recursos naturais e unha minimización dos residuos.

Outro aspecto importante é a creación de emprego. A partir dos datos da industria europea da celulosa e do papel podemos calcular que se necesitan aproximadamente 1,3 empregos por cada 1000 t de celulosa producida, cifra que sobe a 10 empregos por cada 1000 t de papel producidas. Dito doutro xeito, a produción da celulosa crea unicamente o 10% dos empregos da cadea celulosa-papel, mentres que a produción de papel reciclado mantén o 90% dos empregos no sector industrial e auméntaos notablemente no sector de recollida selectiva e clasificación (ou preparación para a reciclaxe).

En definitiva, o proceso de reciclado pode xerar impacto ambiental, mais en comparación co proceso de fabricación da pasta virxe é moito menor. Ademais, a calidade do papel reciclado pode verificarse doadamente a través da comprobación de etiquetas ecolóxicas e outras certificacións de validez internacional que garanten o cumprimento duns requisitos mínimos de fabricación respectuosos co medio.



5. ACTUACIÓN:
A CONTRATACIÓN PASO A PASO

5. ACTUACIÓN: A CONTRATACIÓN PASO A PASO

Todo o indicado nos puntos anteriores desta guía debe traducirse na incorporación de criterios ambientais en cada contrato público concreto. Como veremos, isto é posible se se teñen en conta dous principios básicos:

- A relación co obxecto do contrato:
Todos os requirimentos ambientais deben estar relacionados co obxecto do contrato.
- Un trato equitativo e mutuo recoñecemento:
A administración debe recoñecer explicitamente e aceptar produtos que cumpran criterios ambientais mostrando certificacións ou documentos equivalentes.

A introdución deste tipo de criterios poderá levarse a cabo, como veremos a continuación, en momentos distintos da contratación, desde a preparación até a execución do contrato, todo iso conforme ao establecido na Directiva 2004/18/CE e na Lei 30/2007 ou LCSP, modificada polo RD 3/2011 que aprobou o Texto refundido da lei de contratos do sector público.



5.1 Fase preparatoria.

Esta fase inclúe a definición das necesidades de compra ou contratación e a explotación da oferta no mercado.

As leis de contratación pública definen como se han de adquirir produtos e servizos desde as administracións, mais deixan discrecionalidade para seleccionar que se vai adquirir, é dicir, a Administración é libre de elixir aquilo que quere adquirir segundo as súas necesidades.

A contratación dun servizo innovador pode supor un aforro económico e/ou de recursos naturais significativo, nomeadamente naqueles produtos e servizos cun elevado consumo de enerxía asociado.

5.2 Definición do obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é aquilo que se vai a comprar, é dicir, aquilo que primeiro transmite aos potenciais licitadores a necesidade da Administración e axúdaos a decidiren se licitar ou non.

Segundo a Comisión Europea os poderes adxudicadores gozan de liberdade para determinar o obxecto do contrato que consideraren máis respectuoso co medio, mesmo recorrendo á utilización de variantes ecolóxicas. Xa que logo, se se queren ter en conta aspectos ambientais no proceso de contratación, a forma máis rápida, directa e transparente é mencionándoo xa na definición do obxecto do contrato. De calquera modo, isto terase que concretar posteriormente nas especificacións técnicas ou nos criterios de adxudicación, pero xa mediante a introdución da dimensión ambiental no obxecto do contrato se lles está a expresar claramente aos posibles licitadores a intención da entidade de comprar produtos ou contratar servizos e obras ambientalmente respectuosos.

Non obstante, sempre se debe ter en conta que a definición do obxecto do contrato non resulte discriminatoria, é dicir, non contraveña calquera outro principio legalmente perceptivo para a contratación pública.

A definición do obxecto do contrato non debe ser discriminatoria:

Por exemplo, nun contrato para a subministración de papel reciclado para escritura e impresión, non se pode utilizar a definición de local, xa que esta é discriminatoria e non respecta o principio de liberdade de movemento de mercadorías. As vantaxes ambientais do produto local so se poderán facer valer a través de indicadores xenéricos que as reflectan, como podería ser un menor custo ambiental por razón das menores necesidades de transporte. Isto reflectiríase na pegada de carbono en todo o ciclo de vida do produto, incluído o transporte até o lugar de utilización.

5.3 Criterios ambientais nas especificacións técnicas.

Introducir criterios de obrigado cumprimento.

Por exemplo, se se quere comprar papel reciclado (criterio indefinido), tense que definir a porcentaxe de fibras recuperadas que se desexa que o papel conteña (80%, 90% ou 100% por exemplo). Por tanto, terase que definir esa porcentaxe (criterio obxectivo) así como outros criterios técnicos habituais caso da gramaxe, o grao de brancura etc.

Logo de definir o obxecto do contrato, e para que o proceso sexa transparente, téñense que definir as características obxectivas e medibles que este ten que cumprir. As especificacións técnicas das que falamos pódense definir como:

- Requisitos mínimos obrigatorios que os produtos, servizos ou obras deben cumprir. Se unha oferta non cumpre con tales requisitos fica automaticamente excluída do proceso.

Así pois, se realmente se quere comprar ou contratar produtos, servizos e obras máis respectuosos co medio, os criterios cómpre introducilos como requisitos de obrigado cumprimento. Estas especificacións técnicas poden estar baseadas na seguinte información que describimos con máis detalle:

- a) Criterios definidos en ecoetiquetas
- b) Estándares técnicos
- c) Métodos de produción
- d) Requirimentos de prestación ou funcionalidade
- e) Uso de variantes

a) Criterios definidos en ecoetiquetas.

As ecoetiquetas son certificacións outorgadas por organismos oficiais ou grupos independentes a certos produtos ou servizos que durante o seu ciclo de vida (produción, uso e deposición) teñen un impacto ambiental menor ou moito menor que un produto ou servizo convencional.

As ecoetiquetas oficiais son desenvolvidas por todos os axentes interesados (especialistas, administracións públicas, sector privado, ONG etc.) e, xa que logo, son lexítimas e coherentes ambientalmente.

A posesión dunha ecoetiqueta en si non se pode esixir, xa que se consideraría discriminatorio, mais o que si se pode facer é utilizar os criterios das propias ecoetiquetas e introducilos nos pregos de prescricións técnicas. A posesión desa certificación poderase usar como medio de acreditación do cumprimento dos criterios, aínda que os medios alternativos tamén terán que ser aceptados, para o cal se empregan fórmulas como a expresión “ou equivalente”.

As etiquetas non son esixíbeis, si as especificacións técnicas que as definen

Por exemplo, na compra de papel non podemos especificar papel certificado “anxo azul”, xa que é discriminatorio.

No entanto, si podemos seleccionar algúns dos criterios definidos nesa ecoetiqueta e inserilos no noso prego de condicións:

O papel debe ser 100% reciclado cun contido en fibras pos-consumo maior que o 65%, ser totalmente libre de cloro (TCF), ter unha durabilidade superior a 100 anos, segundo as normas ISO 5630, DIN6738 ou equivalente (LDK 12-80 ou LDK 24-85), e cumprir os requisitos de idoneidade técnica para a impresión e fotocopia segundo a norma europea EN 12281:2003 ou equivalente.

Os produtos “anxo azul” cumpren con eses criterios, mais tamén deben aceptarse outros medios de acreditación.

b) Estándares técnicos.

Este é un sistema que tamén se usa comunmente e que consiste, polo xeral, en definir as especificacións técnicas en función dalgún estándar internacional, europeo ou nacional, como poden ser as normas ISO (internacionais), EN (europeas), UNE (españolas), DIN (alemás) etc.

Cando se utilizan estas normas cómpre igualmente engadir ao final a fórmula “ou equivalente”, xa que quen merca non pode rexeitar unha oferta se nesta se demostra o cumprimento dos requisitos por outros medios.



c) Métodos de produción.

Outros criterios que tamén se poden definir son aqueles que dependen do proceso de produción dos produtos, a condición de que afecten directamente ao obxecto do contrato. Por exemplo, as substancias que poden ou non conter os produtos.

Un exemplo clásico no caso do papel é a esixencia de que fose producido a partir de madeira que proveña de bosques xestionados de forma sustentable (FSC). Aínda que isto non afecta ao produto final, que será das mesmas características en todo caso, si afecta e de xeito moi importante ao método de produción e, por ende, á súa pegada ecolóxica.

d) Requisitos de prestación ou funcionalidade.

Neste caso o único que temos que definir é o resultado que queremos, ou sexa, as condicións finais, mais sen entrar a definir polo miúdo como conseguilo, de modo que isto fica nas mans dos licitadores.

Esta opción deixa espazo á innovación e á creatividade, mais esixe ao mesmo tempo que as especificacións deban de estar moi claras para así poder facer unha avaliación adecuada das opcións presentadas.

e) Uso de variantes.

Cando se definen as especificacións técnicas pódese dar a oportunidade ás empresas licitadoras de presentaren variantes, para o cal hai que especificar no prego que se admiten variantes e definir aqueles aspectos ambientais que son prioritarios.

O uso de variantes adóitase permitir cando a autoridade contratante non está completamente segura da dispoñibilidade no mercado de produtos ou servizos ambientalmente respectuosos; utilízase para obter resultados máis innovadores ou para determinar que opción satisfai mellor os aspectos financeiros e ambientais dunha compra ecolóxica. As variantes permiten a comparación de ofertas que teñen diferentes características técnicas usando os mesmos criterios de avaliación.

Os poderes adxudicadores teñen que elaborar primeiro unha definición e uns requirimentos estándar do obxecto do contrato que cubra as esixencias mínimas. Feito isto, e para que poidan ser aceptadas as ditas variantes, deberase tamén especificar no anuncio de licitación a posibilidade de presentar variantes respecto dun tema concreto (exemplo: características ambientais do produto etc.). Ora ben, a presentación de variantes pode presentar graves dificultades de valoración se non se posúe capacidade ou os criterios obxectivos para avaliar as mesmas.

5.4 Criterios ambientais na selección do contratista.

A selección de provedores é o primeiro paso que cómpre dar unha vez que se realiza a apertura das ofertas presentadas. Os criterios de selección permítenos saber se os licitadores teñen a capacidade financeira e técnica para levar a cabo o contrato, de modo que se por calquera motivo non cumpren cos criterios definidos, estes fican excluídos do proceso.

Se polo tipo de contrato se requiren uns niveis de coñecementos técnicos ambientais elevados ou o uso de tecnoloxía e procedementos respectuosos co medio ambiente, poderase seleccionar aos licitadores con base tamén en criterios ambientais.

Os tipos de criterios de selección que se poden aplicar son de capacidade técnica e de capacidade financeira e segundo o marco normativo, no primeiro caso pódense incluír consideracións ambientais. Un último detalle que deberá terse en conta, neste momento, é que os suxeitos infractores de normas ambientais, entre outras, terán prohibido contratar coa administración.

a) Prohibición de contratar.

Dentro da Lei de contratos do sector público prevese a exclusión de contratistas que sexan declarados inhabilitados para contrataren coa administración (por teren sido condeados por delitos de fraude, contra a seguridade, delitos ambientais etc.). Segundo o Código penal as penas por delitos ambientais supoñen a inhabilitación para a profesión, de modo que se unha empresa foi condeada por delitos ambientais pode ficar excluída na contratación con administracións públicas. Así mesmo, a prohibición de contratar coa administración tamén pode ser froito dunha sanción administrativa grave segundo establece o artigo 60 do TRLCSP.

b) Solvencia técnica.

Os criterios de solvencia técnica refírense á habilidade do contratista para executar o contrato, é dicir, fan referencia á experiencia previa do contratista na materia, aos coñecementos do seu persoal (técnico) ou aos medios materiais e operacionais de que dispón para levar a cabo o contrato.

A normativa vixente reconece a posibilidade de que os posibles contratistas demostren a súa capacidade técnica mediante a aplicación de medidas de xestión ambiental. Os sistemas de xestión ambiental son ferramentas de organización co obxectivo de promover a mellora continua dos resultados ambientais, avaliando e xestionando as consecuencias das actividades que repercuten no medio de todas aquelas entidades rexistradas. Na Unión Europea contamos con dous sistemas principais de xestión ambiental: o sistema EMAS, exclusivo da UE e o sistema ISO 14001, de carácter mundial.

5.5 Criterios ambientais na adxudicación do contrato.

A seguinte fase do proceso de compra ou contratación é a adxudicación do contrato. Logo de excluír aquelas empresas licitadoras que non satisfán os criterios de selección e desestimar as ofertas que non cumpren cos requisitos mínimos obrigatorios (especificacións técnicas), débense comparar as ofertas restantes en función de diferentes criterios obxectivos para seleccionar a máis apropiada. Esta comparación de ofertas pódese facer con base en:

- O prezo máis baixo
- A oferta economicamente máis vantaxosa



No primeiro caso, a decisión tómase en función unicamente do prezo ofertado. Xa que logo, se non se definiron especificacións técnicas ambientais valorables, non se terá a posibilidade de incluílos nesta fase e a adxudicación farase con base na oferta máis barata. No entanto, o máis habitual (inclúanse criterios ambientais ou non) é adxudicar o contrato en función de diferentes criterios, alén do económico, o cal se denomina “oferta economicamente máis vantaxosa”, como poden ser:

- Criterios de calidade
- Prazos de entrega
- Melloras técnicas
- Melloras ambientais

Corroboran estas opcións algunhas sentenzas do Tribunal de Xustiza Europeo, como os casos C-513/99 ou C-448/01 xa mencionados anteriormente. O único que cómpre facer ao optar por esta opción para garantir a transparencia do proceso é:

- Indicar explicitamente no prego de contratación os criterios que se terán en conta para a avaliación, as ofertas e a adxudicación do contrato.
- Indicar a ponderación destes criterios e dispolos nunha lista en orde decrecente.

Canto aos criterios de adxudicación de carácter ambiental, tense que garantir que:

- Estes teñan relación co obxecto do contrato.
- Sexan criterios cuantificables, non subxectivos.

A natureza destas especificacións pode ser cualitativa (por exemplo, os niveis de emisións de gases do produto) ou económica (por exemplo, os custos de ciclo de vida asociados ao consumo enerxético e de mantemento do obxecto do contrato). Ademais, como poden estar relacionados coas especificacións técnicas tamén poden referirse aos métodos de produción.

A natureza destas especificacións pode ser cualitativa (por exemplo, os niveis de emisións de gases do produto) ou económica (por exemplo, os custos de ciclo de vida asociados ao consumo enerxético e de mantemento do obxecto do contrato). Ademais, como poden estar relacionados coas especificacións técnicas tamén poden referirse aos métodos de produción.

Un aspecto fundamental para a compra e contratación pública verde é a consideración do custo de ciclo de vida dun produto ou servizo, pois incorpora non só as características do produto durante o seu uso, senón tamén os custos (económicos e ambientais) asociados á produción e á súa disposición ao final do seu ciclo de vida, incluído o seu transporte.

A definición exacta dos criterios de adxudicación pode estar descrita xunto cos criterios de valoración das ofertas, distinguindo claramente entre aquelas especificacións técnicas obrigatorias (requisito de mínimos) e os criterios que a maiores poden ser valorables, aínda que non excluíntes.

O uso de SXA quedaría restrinxido á fase de selección de candidatos e non pode ser usado en fases posteriores, agás se se utilizar como garantía de cumprimento de determinados requisitos mais sen solícialo directamente sen ningunha outra xustificación.

5.6 Criterios ambientais na execución do contrato.

Finalmente, a administración pode especificar cláusulas especiais de execución do contrato, é dicir, criterios sobre como se ten que levar a cabo. Estes requisitos non xogan ningún rol na adxudicación do contrato polo que non se pode solicitar ningún tipo de acreditación ou xustificante para estas condicións. No entanto, estas deben ser expostas desde o inicio do proceso, a pesar de que só se desenvolverán no momento da execución do contrato e sempre estando claramente relacionadas coa súa execución. Dado que as cláusulas contractuais se refiren exclusivamente á execución do contrato, estas non poden ser especificacións técnicas, criterios de selección ou criterios de adxudicación encubertos, e todos os licitadores terán que ser capaces de executalas.

Alén do dito, por se trataren de condicións obrigatorias, se o contratista non as cumpre, a administración pode impor un castigo financeiro ou mesmo cancelar o contrato. Isto debe estar debidamente explicado tamén no prego do contrato.

A subministración do papel no menor número de entregas posibles pode ser una cláusula de execución do contrato perfectamente válida e que axudará a reducir a pegada ecolóxica do produto froito do seu transporte. Tamén poderán recollese cláusulas como a entrega con poucas embalaxes ou en horas en que o tráfico for menor




6. FONTES BIBLIOGRÁFICAS

6. FONTES BIBLIOGRÁFICAS (Relativas á contratación e a compra verde de papel)

- *Comunidades Europeas (2011, segunda edición). Manual Buying Green! sobre contratación pública ecológica. Bélxica. http://ec.europa.eu/environment/gpp/index_en.htm.*
- *Comisión das Comunidades Europeas (2001). Comunicación Interpretativa de la Comisión sobre la legislación comunitaria de los contratos públicos y las posibilidades de integrar los aspectos medioambientales en la contratación pública. Bruxelas. http://ec.europa.eu/environment/gpp/index_en.htm.*
- *Directiva 2004/17/CE de 31 de marzo de 2004 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais. Transposición ao dereito estatal pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), recentemente refundida polo Real decreto lexislativo 3/2011.*
- *Directiva 2004/18/CE de 31 de marzo de 2004 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos públicos de obras, suministros e servizos. Transposición ao dereito estatal pola Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizospostais.*
- *Ihobe (2010). Manual Práctico de Contratación y Compra Pública Verde (Bilbao: IHOBE, Sociedad Pública de Gestión Ambiental). www.ihobe.net.*

- *Ministerio de Medio Ambiente (2010).*
Código de buen uso del papel y de las publicaciones para el desarrollo del Plan de Contratación Pública Verde de la AGE. Madrid. www.magrama.es.
- *Ministerio de Medio Ambiente (2010).*
Informe general sobre el Estado de la Contratación Pública Verde. Madrid. www.magrama.es.
- *Oficina de Medio Ambiente UDC (2008).*
Informe sobre a Pegada ecolóxica na Universidade da Coruña. A Coruña. Disponible en: http://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecoloxica/expoPegadaEcoloxica.pdf.
- *Pernas, J. (2011).*
Contratación Pública Verde (Madrid: La Ley).
- *SENTENZA do 4 de decembro do 2003,*
no asunto C-448/01: EVN AG, Wienstrom GmbH, contra Republik Österreich.
- *SENTENZA do 17 de setembro do 2002,*
no asunto C-513/99: Concordia Bus Finland Oy Ab contra Helsinginkaupunki, HKL-Bussiliikenne.
- *Soto, M. (2009).*
“A ambientalización das universidades: o caso da UDC” en Actualidad Jurídica Ambiental, ISSN 1989-5666, N.º 2 (abril), 2009: 1-22.
- *Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica (2005).*
Campaña da USC de racionalización do consumo e reciclado do papel. Santiago. www.usc.es.



ANEXOS

ANEXO I. Ficha técnica para a compra verde de papel

A seguir, preséntase **unha ficha** para a contratación verde de papel cun **grao de esixencia alto**, válida para calquera dos seguintes mecanismos:

1. A contratación de papel mediante procedemento aberto (artigos 141 e 145 da Lei 30/2007 de 30 de outubro sobre contratos do sector público)
2. A contratación de papel mediante procedemento negociado (artigos 154 e 157 da mencionada Lei 30/2007).

En ambos os casos, a adxudicación efectuarase a través da consideración da **oferta economicamente máis vantaxosa** baixo unha pluralidade de criterios de valoración.

A Universidade ten que ter en conta que o prezo menor non sempre equivale á decisión economicamente máis vantaxosa, polo que esta debe incluír tamén outros aspectos cualitativos, como o ser exemplo dunha actuación social e ambientalmente responsable (algo de grande importancia para o papel formativo e pioneiro da universidade), e o avance nos indicadores ambientais definidos pola CADEP-CRUE, que conforman a imaxe dunha universidade socialmente avanzada e comprometida.

Aspectos ambientais que cómpre ter en consideración

- Orixe das fibras
- Proceso de branqueamento
- Presenza de substancias tóxicas
- Explotación de recursos naturais
- Xestión de residuos
- Características técnicas

Inclusión de criterios de sustentabilidade no proceso de contratación:

1. Obxecto do contrato.

Cómpre indicar que se queren contratar uns produtos que cumpran cuns determinados requisitos ambientais. Así, mediante a introdución da dimensión ambiental no obxecto do contrato exprésaselles claramente aos licitadores a intención da entidade de contratar uns produtos máis respectuosos co medio . En calquera caso, isto deberase concretar nas especificacións técnicas ou nos criterios de adxudicación.

Exemplo: “Contratación de papel 100% e completamente libre de cloro (TCF)”

2. Especificacións técnicas¹

Os criterios que describimos a continuación son independentes do tamaño ou grosor do produto que se merque. Na descrición do papel, sexa DIN A4, DIN A3... débese incluír para todos eles que **o papel ten que:**

Ser 100% reciclado
(cun contido en fibra posconsumo $\geq 65\%$)
Ser totalmente libre de cloro (TCF)
Ter un grao de brancura mínimo do 70% segundo a Norma ISO 2470:1999 ou equivalente.
Ter unha durabilidade superior a 100 anos segundo a Norma ISO 5630-1:1991, a norma alemá DIN 6738:1999 [LDK 24-85] ou equivalente.

1. Para a elaboración e a definición dos criterios indicados nesta ficha empregáronse como referencia, a ferramenta desenvolvida pola Comisión Europea “Copying&graphicpaper - GPP ProductSheet”, contida no manual Buying Green 2011.

Ten que cumprir os requisitos de idoneidade técnica para a impresión e a fotocopia segundo a norma europea EN 12281:2003, ou equivalente. De non ser así, os licitadores deberán garantir a adecuación dos produtos ofertados para a súa utilización nos seguintes equipos:
 (listaxe das máquinas que posúe a organización)
 Se do seu seguimento e control, a idoneidade do produto non se axusta ao esperado, a administración resérvase o dereito de renegociar as condicións de substitución do material sen asumir incremento de custo ningún.
 Valorarase que os envases e as embalaxes sexan monomaterial de papel/cartón, así como que sexan reciclados nun 80%.
 Tamén se valorarán as melloras na produción do papel mediante:

- O cumprimento dos criterios ambientais de emisións e compostos químicos definidos nalgunha ecoetiqueta (Tipo I) como o “Anxo Azul”, “Cisne Nórdico”, etiqueta ecolóxica europea ou equivalente.
- O deseño e a fabricación baixo criterios ambientais que sigan pautas normalizadas tipo Norma UNE 150301:2003 de ecodeseño ou equivalente.

- Papel de fibra virxe:

1. O papel debe conter como mínimo un 70% de fibras de madeira provenientes de explotación forestal sustentable certificada (FSC, PEFC ou equivalentes).
2. O papel debe ser completamente libre de cloro (TCF).

- Papel reciclado:

1. O papel debe ser 100% reciclado e conter como mínimo un 65% de fibras recicladas posconsumo.
2. O papel debe ser completamente libre de cloro (PCF).

3. Criterios de adjudicación do contrato.

Nos criterios de adjudicación hai que especificar detalladamente a ponderación que se lle dará a cada elemento valorable, por exemplo:

Melloras ambientais na produción do papel, até un 15%:

- Cumprimento dos criterios ambientais de emisións e compostos químicos definidos nalgunha ecoetiqueta tipo I, ou:
- Deseño e fabricación segundo a Norma UNE 150301:2003 de ecodeseño ou equivalente. Melloras en envases e embalaxes, até un 10%:
- Embalaxe monomaterial de papel/cartón
- Embalaxe reciclada en máis do 80%

- Papel de fibra virxe:

- Unha maior porcentaxe de fibra de madeira proveniente de explotación forestal sustentable certificada (FSC, PEFC ou equivalentes).
- Deseño e fabricación dos produtos segundo a norma UNE 150301:2003 de ecodeseño ou equivalente.

- Papel reciclado:

- Unha maior porcentaxe de fibra reciclada posconsumo en relación co indicado nas especificacións técnicas.
- Cumprimento dos requisitos de emisións, limitación de consumo de auga e enerxía e compostos químicos definidos nalgunha ecoetiqueta (tipo I) como o “Cisne Nórdico” ou a etiqueta ecolóxica europea (a posesión dalgunha das ecoetiquetas indicadas ou outra equivalente acredita o cumprimento dos ditos requisitos).
- Deseño e fabricación dos produtos segundo a Norma UNE 150301:2003 de ecodeseño ou equivalente.

4. Condicións de execución do contrato.

- Establecerase un número máximo de entregas periódicas.
- Indicarase que a mercadoría se entregue en horarios que non sexan punta para evitar a contribución á conxestión do tráfico e, consecuentemente, á maior emisión de CO2.
- A entidade adxudicataria deberá subministrar os produtos solicitados en embalaxes reutilizables, reciclables e compostas por materia reciclada, con preferencia daquelas que simplifiquen os procesos de recollida separada e a súa preparación para a reciclaxe (por exemplo, produtos de papel exclusivamente en envases ou envoltorios de papel/cartón 100% reciclado e completamente libre de cloro).

Recomendacións para contratos menores.


No caso de adquirir papel ou material de oficina mediante contratos menores ou compra directa, o mais conveniente é asegurarse o cumprimento de diferentes requisitos de carácter ambiental mediante a certificación do produto segundo un programa de etiquetado ecolóxico.

Nomeadamente, débese adquirir papel 100% reciclado libre de cloro para as aplicacións xerais, ou papel de fibras con certificación forestal e libre de cloro para aplicacións especiais.

Algúns falsos mitos...

O papel reciclado é mais caro! Non é certo. A diferenza de prezo final é verdadeiramente mínima (no caso dos servizos de reprografía da UDC mesmo chega a ser o mesmo prezo exacto). Ademais, dado o gran número de provedores que existen no mercado a diferenza de prezo pode superarse cunha comparativa maior entre as ofertas.

O papel reciclado atasca as impresoras ou fotocopiadoras! É completamente falso. Somos moitos os que empregamos a diario papel reciclado na universidade sen que se produza problema ningún coas máquinas. É máis, desde a Oficina de Medio Ambiente consultamos con diversos provedores e todos coinciden en que o papel reciclado é perfectamente válido para a impresión. En realidade, o que determina que un papel –reciclado ou non– resulte apto para o uso en impresoras e fotocopiadoras é a súa gramaxe.



utilizando
para



[2 caras , 2 usos]

Axuda ó medio ambiente, **deixando** o papel que se poida volver a empregar e **collendo** o que necesites.



ANEXO II. Boas prácticas no uso do papel: reducirmos o seu consumo!

Coa introdución de medios de traballo electrónico, o ordenador ocupa agora o centro vital do noso lugar de traballo. A pesar diso, o papel segue a ser un elemento omnipresente nas nosas oficinas, un material de traballo básico para as tarefas administrativas e, aínda, o soporte universal da documentación. Unha combinación pouco pensada de ordenadores e papel pode dar lugar a un incremento irresponsable do consumo deste último, do mesmo xeito que un uso eficiente dos medios informáticos presenta un potencial de aforro de papel moi elevado.

A introdución de criterios ambientais na adquisición de papel é só un medio para achegármonos ao obxectivo final: reducir os impactos ambientais relacionados co consumo de papel. Neste sentido hai unha serie de medidas que debemos ter en conta antes da adquisición e que están relacionadas co «fluxo» de papel, é dicir, co seu consumo como, reducíndoo ao mínimo imprescindible. Mesmo se a compra verde pode conducir á adquisición de produtos máis caros, a súa combinación con medidas de aforro deriva, xeralmente, nunha solución máis económica tanto para a entidade como no plano individual ou particular.

Algunhas propostas son as seguintes:

- Dispoñer de equipos que permitan fotocopiar ou imprimir documentos a dobre cara (función dúplex). Deste modo, pódese reducir o consumo nun 50% para cada uso concreto.
- Utilizar opcións de impresión de redución (2 páxinas en 1). Con iso auméntase o aforro de papel até un 75% en combinación coa impresión a dobre cara.
- Utilizar programas de corrección ortográfica en pantalla para evitar impresións innecesarias.
- Utilizar medios de revisión de documentos electrónicos (opcións de rastrexo de cambios).
- Aceptar para uso interno documentos con certas correccións a man (por exemplo, as ortográficas);
- Utilizar o correo electrónico para intercambiar documentos provisionais, o que axuda a evitar impresións innecesarias.
- Centralizar e compartir impresoras, fotocopadoras e máquinas de fax, ademais de dispoñer de aplicacións de confirmación de impresión.
- Dispoñer de aplicacións informáticas para enviar e recibir fax en formato electrónico.
- Reutilizar follas escritas ou impresas por unha soa cara para borradores, apuntamentos, bloques de notas e outros usos internos (dispoñer de caixas ou bandexas para depositar papel preto das impresoras)².
- Usar o papel co tamaño axeitado para cada ocasión (non apuntar un número de teléfono nunha folla A4, por exemplo)

2. Véxase a iniciativa da OMA “Re-utilizando: 2 usos, 2 caras”; máis información en: http://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/residuos/index.html



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas



UNIVERSIDADE DA CORUÑA